

Celanova acolle este domingo 'Papagena', a ópera electrónica en galego dirixida por ButacaZero

A soprano Esperanza Mara e o barítono Jacobo Rubianes Castelo encarnan unha parella engaiolada nunha relación tóxica inspirada nas personaxes da obra de Mozart

A ópera, do compositor Iago Hermo, será no Auditorio Municipal Ilduara Celanova (AMIC) e comezará ás 18.30 h con entrada libre ata completar aforo

Papagena íase representar o pasado 1 de outubro pero a función tivo que ser cancelada por motivos de saúde



Foto de escena da ópera electrónica *Papagena* © Miramemira

2 de novembro de 2022.- O Auditorio Municipal Ilduara Celanova (AMIC) vai recibir ese domingo, 6 de novembro, ás 18.30 h, a función de *Papagena* que tivo que ser cancelada o pasado outubro por motivos de saúde. Esta creación da compañía ButacaZero, dirixida por Xavier Castiñeira e Esther F. Carrodegua, é unha **ópera electrónica contemporánea de pequeno formato en galego**, con perspectiva de xénero, que narra a historia dunha parella engaiolada nunha relación tóxica.

O espectáculo, con entrada libre ata completar aforo, conta coa presenza da soprano **Esperanza Mara** e do barítono **Jacobo Rubianes** que actúan acompañados no escenario por **Iago Hermo**, compositor da ópera e do libreto e tamén director musical da peza.



Papagena é unha ópera electrónica inspirada na parella de persoas-paxaro da célebre *A frauta máxica*, de Wolfgang Amadeus Mozart. A peza, **na que Castiñeira e Carrodegas asumen por primeira vez a dirección escénica dunha ópera**, nace da vontade de afondar nos clixés de xénero presentes no eido da creación operística, mais tamén **pretende rachar con outras percepcións habitualmente asociadas ao mundo da lírica**: a lingua, os espazos de representación, o público destinatario ou mesmo o formato. Para conseguilo, Iago Hermo deseñou unha ópera electrónica, baseada nas súas investigacións arredor do espectralismo minimalista. O resultado, coa colaboración de Ana Arteaga na escenografía e de Diego Valeiras no vestuario, é un espectáculo **musicalmente inmersivo e visualmente contemporáneo** que levará a ópera a vilas onde non adoita chegar este estilo musical.

Papagena chega a **Celanova** logo do seu paso por **Rianxo, Pontevedra, Fisterra, O Grove, Caldas de Reis, Narón, Tui e Oleiros** e ten programada unha intensa xira por outras nove localidades galegas nos vindeiros meses, **cunha función cada fin de semana**. Así, as seguintes citas van ser en **Gondomar** (5 de novembro), **Muros** (12 de novembro), **Boiro** (18 de novembro), **Bueu** (19 de novembro) e **Foz** (25 de novembro). Na meirande parte das vilas o público poderá gozar desta **experiencia única e inmersiva de xeito totalmente gratuito**. Todas as datas, horarios e sistema de acceso ás funcións de **Papagena** está dispoñible na páxina web da compañía, butacazero.net.

APOSTA POLA CREACIÓN EMERXENTE E O TERRITORIO

Con esta nova produción, unha **ópera galega e en galego**, ButacaZero mantén a súa aposta polo **risco escénico, pola creación emerxente** a través da colaboración con artistas de Galicia e pola **creación vinculada á temática social e cunha fonda implicación no territorio**. Neste sentido, un dos principais obxectivos da compañía viguesa é construír país arredor da cultura. Para iso, adaptarán a ópera contemporánea á realidade social galega, levándoa, ao longo do vindeiro trimestre, a espazos non convencionais para a súa representación. A entrada será de balde en case todas as funcións para favorecer, deste xeito, o achegamento á ópera tanto do público adolescente coma adulto.

INFO PRÁCTICA PAPAGENA – CELANOVA

Auditorio Municipal Ilduara Celanova (AMIC) [Rúa do Cercado, s/n, Celanova, Ourense]
Domingo 6 de novembro | 18.30 h | Entrada libre ata completar aforo

CONTACTO DE PRENSA BUTACAZERO

The Office Comunicación
Bea Pérez | 604 070 409
Luisa Castiñeira | 620 113 155
Lucía Pita | 675 404 321
prensa@theofficeco.es

KIT DE PRENSA 'PAPAGENA'

<https://cutt.ly/Papagena>

MATERIAL DE VÍDEO PARA TV

<https://cutt.ly/PapagenaTV>